



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 7969/445

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACION DA COBERTURA DO SEGURO DE RISCOS DIVERSOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO..

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

Será obxecto deste contrato a **A CONTRATACION DA COBERTURA DO SEGURO DE RISCOS DIVERSOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO**

Os riscos cubertos son os relacionados no prego de prescricións técnicas redactado polo xefe do Parque Móbil do concello de Vigo.

CODIFICACIÓN: A codificación que corresponde ao presente contrato é a que segue:

CPA.- 66.03.2
CPV.- 66514110-0

2.- PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO.

O prezo do contrato é de 630.000,00 euros para a totalidade do contrato, sendo a súa distribución por anualidades a seguinte:

Ano 2014 315.000 euros.
Ano 2015 315.000 euros.

O valor estimado do contrato é de 1.316,227,00 euros.

O gasto imputarase ata partida presupuestaria 9222.224.00.00.

A distribución do gasto por anualidades poderase modificar polo órgano de contratación, incluso antes da adxudicación do contrato, se por mor da tramitación do expediente o contrato non se iniciara antes do día 01-01-2014.

O contrato tramitase como anticipado de gasto

3.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 1 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

O presente contrato é un contrato de natureza privada, que se rexerá en canto a súa preparación e adxudicación polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, as demais disposicións de desenvolvemento e, supletoriamente, polas restantes normas de dereito administrativo. En canto aos seus efectos e extinción o contrato rexeráse polo dereito privado. Non obstante serán de aplicación para este contrato as normas contidos no Título V do libro I da TRLCSP sobre a modificación dos contratos

Ademais do presente prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- A oferta do adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato. A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre o concello e a Adxudicataria en relacións cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

4.- PRAZO.

Dende ás 00 horas do 01/01/2014 ata las 24 horas del 31/12/2015 podendo prorrogarse polo órgano de contratación expresamente por períodos anuais con un máximo de dúas prórrogas. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista.

Para o caso de que o contrato non se asine antes do día 01/01/2014 a data de inicio do contrato será a que se fixe no documento de formalización do contrato dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo.

5.- ENTIDADES LICITADORAS.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financeira e técnica ou profesional, non se atopen incursas en ningunha das



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 2 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 60 da TRLCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato.

6.- FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, sendo aplicable para a adxudicación a valoración a través de múltiples criterios.

Este contrato está sometido a regulación harmonizada e é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

7.- GASTOS A ABONAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESISTIMIENTO.

En caso de renuncia ou desistimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese. Iso non entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de cen (100) euros.

8.- . PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado aporte a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE 1: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE 2: PROPOSICIÓN TÉCNICA e 3) SOBRE 3: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

En caso de que a documentación se presente en formato dixital se o licitador adxunta documentos encriptados deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abri-lo. Así mesmo, se utilizase formato distinto ó PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación. Se non se facilitasen os citados programas coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do sobre 1.

Os sobres estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: "Sobre A, documentación persoal", " Sobre B, proposición técnica" ou sobre C "proposición económica".



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 3 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

- Número de expediente e obxecto da licitación á que concorran.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Facenda, o número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

A presentación da documentación poderá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza de "El Rey", 2 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

As proposicións tamén poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, dez días a partir da indicada data sen haberse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 4 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

9.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE AS PROPOSICIÓNS.

As proposicións presentaranse en tres sobres numerados correlativamente: no exterior dos sobres deberá constar a información indicada na cláusula anterior.

A. SOBRE NÚMERO 1. (DOCUMENTACION PERSOAL)

Poderá presentarse mediante fotocopia simple sempre e cando se acompañe de declaración na que o licitador manfeste a autenticidade da mesma (Anexo I).

Se admite a presentación en formato dixital, en documento non editable e en formato PDF ou similar, etiquetado (a etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención sobre A e o nº de expediente), e as declaracións solicitadas deberán ser firmadas por persoa con poder de representación acreditado.

O sobre A conterá a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica e a aptitude legal para presentarse a licitación: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Os licitadores terán que presentar a autorización administrativa outorgada polo Ministerio de Economía e Facenda dentro das ramas de actividade obxecto do contrato, a que fai



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 5 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

referencia o artigo 5.1 do Real Decreto legislativo 6/2004, de 29 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Ordenación e supervisión dos seguros privados.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, segundo o art. 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

3º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultaren adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta. **Modelo incorporado como ANEXO I.**

5º) Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional:

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse do xeito que segue:

- **Solvencia financeira:** Acreditarase polo cumprimento conxunto das seguintes circunstancias:

- Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 6 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

➤ Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

- **Solvencia técnica e profesional:** Acreditarase polo cumprimento conxunto das seguintes esixencias:

➤ Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de seguros similares ós do obxecto do contrato efectuados, como máximo, nos tres últimos anos. Se indicará importe, datas e destino público ou privado. Se considerará acreditada a solvencia se nos tres últimos anos acreditan ter realizado contratos similares ós do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ó prezo do contrato. Para a acreditación do criterio se terá en conta o disposto no artigo 78 a) da TRLCSP.

6º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán presentar unha declaración de se someteren á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

7º) Domicilio. todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

No caso de que o licitador este incluído no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, non será necesario aportar a documentación prevista nos apartados 1º, 2º e 4º correspondente a este sobre nº 1

Neste sobre non se deberá incluír ningún dato que permita coñecer calquera dos criterios valorables mediante xuízo de valor ou mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a aplicación das formulas establecidas nos pregos que se conterán nos sobres nº 2 e 3, sendo motivo de exclusión o incumprimento desta esixencia.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 7 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

B. SOBRE N° 2.

Incluiranse aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor, isto é:

Prestacións do programa informático superiores ás esixidas e definidas polo ofertante. As melloras a valorar serán as seguintes:

Datos sobre pólizas : Nas bases técnicas defínense os datos mínimos esixidos sobre as pólizas e as posibilidades tamén necesarias desde o punto de vista do Parque Móbil para a xestións das mesmas.

Os ofertantes aportarán como mellora outras fórmulas de selección de información das pólizas que consideren convenientes.

Estadísticas: Nas bases técnicas defínense as estadísticas esenciais que esixe a xestión do Parque Móbil. Os ofertantes aportarán as estadísticas complementarias que consideren oportunas.

Medios: Os ofertantes poderán mellorar o aumento da pantalla do ordenador portátil así como a memoria Ram do mesmo.

Adicionalmente a documentación anterior deberán presentar o clausulado da póliza do seguro proposto polo licitador e que cumprirá co disposto no prego de prescripcións técnicas.

A documentación deste sobre deberá a tender as especificacións definidas na clausula 11.a deste prego. Así mesmo se deberá ter en conta que non se deberá incluír ningún dato que permita coñecer calquera dos criterios valorables mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a aplicación das fórmulas establecidas nos pregos que se conterán no sobre n° 3.

A documentación incluída neste sobre deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Se presentará en formato dixital en documento non editable (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeles.
- Deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 8 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención sobre B e o nº de expediente.

- Se acompañará unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición técnica, e deberá ser firmado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se presentará dobre copia.

Será causa de exclusión da licitación:

- A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas na clausula 11 B) deste prego.
- Que o clausulado da póliza proposto polo licitador incumpla o prego de prescripcóns técnicas.

C. SOBRE Nº 3.

Conterá a oferta económica e a oferta relativa aos demais criterios valorables mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a aplicación das fórmulas establecidas na clausula 11.B deste prego.

Estas ofertas presentaranse conforme ao modelo que se incorpora como **ANEXO II**.

En relación a porposta da cláusula de participación en beneficios, deberán indicarse con claridade baixo que supostos e condicións se aplicará a fórmula exacta de cálculo para determinar a cuantía de bonificación ou compensación e a forma en que se apliquen ou regularicen as mesmas.

En todo caso deben de ser como mínimo:

<u>Ratio sinistralidade</u>	<u>Participación en beneficios</u>
Inferior ao 20%	15% sobre prima neta
20-40%	10% sobre prima neta
40-60%	05% sobre prima neta



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 9 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

A oferta presentarase como un incremento nestes porcentaxes de participación; dito incremento afectará de forma idéntica aos tres tramos.

Tamén incluírá o listado de prezos para cada un dos vehículos sinalados no anexo I do prego de prescripcóns técnicas.

10.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS.

a) A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas efectuarase pola mesa de contratación do Concello de Vigo cuxa composición será a que figura no perfil do contratante do devandito Concello de Vigo.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146.1 do TRLCSP, efectuarase pola Mesa de Contratación constituída ao efecto. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre nº 1, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixa ou subsanen ante a propia Mesa de Contratación.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) A Mesa unha vez cualificada a documentación a que se refire o artigo 146 TRLCSP e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección destas a que fai referencia o artigo 11 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, fixados neste prego de cláusulas administrativas particulares, facendo declaración expresa sobre os admitidos a licitación, dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor presentarase no sobre número 2, que será aberto en acto público nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura da documentación administrativa.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 10 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

e) O acto público de apertura do sobre nº 3 celebrarase no lugar e día que previamente se sinale no perfil do contratante e antes de comezar o acto público en que se abran as ofertas económicas darase lectura á valoración dos aspectos técnicos das proposicións a que se refire a documentación contida no sobre núm. 2.

No desenvolvemento dos actos públicos de apertura de proposicións observaranse as formalidades previstas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

11.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN.

A) Criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor:

Prestacións do programa informático superiores ás esixidas e definidas polo ofertante valorarase con ata **5 puntos**

As melloras a valorar serán as seguintes:

Datos sobre pólizas

Nas bases técnicas defínense os datos mínimos esixidos sobre as pólizas e as posibilidades tamén necesarias desde o punto de vista do Parque Móbil para a xestións das mesmas.

Os ofertantes aportarán como mellora outras fórmulas de selección de información das pólizas que consideren convenientes, que serán analizadas por técnicos deste Parque Móbil, **valorado con 2 punto.**

Estadísticas

Nas bases técnicas defínense as estadísticas esenciais que esixe a xestión do Parque Móbil. Os ofertantes aportarán as estadísticas complementarias que consideren oportunas, que serán analizadas por este Parque Móbil, **valorado con 2 puntos.**

Medios

Aos ofertantes que melloren o aumento da pantalla do ordenador portátil ata 21 pulgadas e máis de 4 Gb de Ram, **valorado con 1 punto.**

B) Criterios de adxudicación avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas:

11/26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 11 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

a) Maior baixa sobre o prezo ofertado. Valorarase ata 55 puntos.

1º.- Se as baixas ofertadas polos licitadores son iguais ou inferiores ao 10% aplicarase a seguinte fórmula: $P = (55 \times \%Bo) / 10$

Onde,

-P é a puntuación a obter por cada licitador

-% Bo é a porcentaxe de baixa da oferta a considerar respecto do tipo de licitación.

2º .- Se a baixa ofertada por un ou varios licitadores respecto do tipo de licitación son maiores ao 10% e non son consideradas como temerarias, aplicarase a seguinte fórmula. $P = (55 \times Bo) / Mb$

Onde

-P é a puntuación a obter por cada licitador

-% Bo é a porcentaxe de baixa da oferta a considerar respecto do tipo de licitación.

Mb é a maior porcentaxe de baixa ofertado polos licitadores que non sexa considerada como baixa temeraria.

Só se consideran os dous primeiros decimais para as puntuacións obtidas e as porcentaxes de baixa ofertadas.

b) Cláusula de participación en beneficios. A tal fin deberán indicarse con claridade baixo que supostos e condicións se aplicará a fórmula exacta de cálculo para determinar a cuantía de bonificación ou compensación e a forma en que se apliquen ou regularicen as mesmas. 15 puntos

En todo caso deben de ser como mínimo:

<u>Ratio sinistralidade</u>	<u>Participación en beneficios</u>
Inferior ao 20%	15% sobre prima neta
20-40%	10% sobre prima neta
40-60%	05% sobre prima neta





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

A oferta presentarase como un incremento nestes porcentaxes de participación; dito incremento afectará de forma idéntica aos tres tramos.

Os puntos que se obterán serán según a fórmula:

$$\text{Aplicarase a fórmula: } P = \frac{15 \times X}{Y}$$

Sendo :

P= puntuación a obter

X= valor da oferta a considerar

Y= Valor da oferta maior

- c) Incremento no límite do RC de explotación e RC de carga (esixencia nas bases técnicas de 600.000 euros).

Este incremento expresarase nun porcentaxe sobre a cifra esixida nas bases. 5 puntos

$$\text{Aplicarase a fórmula: } P = \frac{5 \times X}{Y}$$

Sendo :

P= puntuación a obter

X= valor da oferta a considerar

Y= Valor da oferta maior

- d) Incremento nas sumas aseguradas por falecemento e invalidez permanente do conductor e ocupantes en relación coas esixidas nas bases técnicas. 5 puntos

Este incremento ofertarase en forma de porcentaxe, que afectará (o mesmo) a todos os conceptos contidos neste apartado

$$\text{Aplicarase a fórmula: } P = \frac{5 \times X}{Y}$$

Sendo :

P= puntuación a obter

X= valor da oferta a considerar

Y= Valor da oferta maior

13/26





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

e) Custos por asistencia en centros médicos NON concertado pola aseguradora.

Os ofertantes expresarán o importe dos custos de asistencia prestada a centros médicos non concertados coa aseguradora. 5 puntos

Aplicarase a fórmula: $P = \frac{5 \times X}{Y}$

Sendo :

P= puntuación a obter

X= valor da oferta a considerar

Y= Valor da oferta maior

f) Incremento na cifra de cobertura do transporte de mercancías (fixado nas bases técnicas en 18.000 euros).

Este incremento fixarase nun porcentaxe sobre a cifra esixida nas bases.5 puntos

Aplicarase a fórmula: $P = \frac{5 \times X}{Y}$

Sendo :

P= puntuación a obter

X= valor da oferta a considerar

Y= Valor da oferta maior

g) Incremento do seguro de accidentes dos Policías Municipais (como ocupantes das motocicletas) - Falecemento, invalidez permanente e limite de asistencia sanitaria en centros non concertados. 5 puntos

Este incremento ofertarase en forma de porcentaxe, que afectará (o mesmo) a todos os conceptos contidos neste apartado

Aplicarase a fórmula: $P = \frac{5 \times X}{14/26}$





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

Y

Sendo :

P= puntuación a obter

X= valor da oferta a considerar

Y= Valor da oferta maior

12.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación, en sesións convocadas para os efectos analizará e estudará as proposicións inicialmente admitidas e na súa función de estudo e información, poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos coide precisos. Tales informes poderán ter por obxecto a puntuación razoada dos distintos criterios de adxudicación, ou ben a mera análise de tales criterios. No suposto de que se solicite puntuación no informe esta será meramente informativa ou de asesoramento a efectos de adxudicar tecnicamente á mesa, para a súa toma de decisión en canto á proposta a formular ao órgano de contratación.

De conformidade co previsto no artigo 84 do RXLCAP, dos estudos e das análises indicadas, a Mesa poderá acordar o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando estas e a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao licitador.

A Mesa de Contratación, en sesión non pública, fará a proposta de clasificación por orde decrecente das proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no presente prego, elevando a acta da sesión, os informes solicitados e as ofertas presentadas, ao órgano de contratación para a súa consideración.

A Mesa poderá así mesmo propoñer motivadamente que o procedemento se declare deserto, ben porque as distintas ofertas non se axustan ás condicións esixidas nos pregos, ben porque non son convenientes para os intereses públicos municipais por non acadar ningunha delas os umbrais mínimos de puntuación que se determine no prego.

A proposta de adxudicación non crea ningún dereito en favor do licitador proposto, mentres non se lle adxudique o contrato por

15/26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 15 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

acordo do órgano de contratación, é dicir, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local por razóns de interese público debidamente xustificadas poderá renunciar a celebra-lo contrato antes da adxudicación. Tamén poderá desistir da adxudicación con anterioridade á adxudicación cando se aprecie unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1. da TRLCSP e requirirá a documentación sinalada no artigo 151.2. da citada TRLCSP ao licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa.

O mentado licitador deberá aportar, dentro do prazo máximo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte a aquel no que houbera recibido o citado requirimento, os documentos acreditativos de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, da efectiva disposición dos medios materias e persoais comprometidos á execución do contrato, de ter constituída a garantía definitiva e de ter aboado todos os anuncios de licitación.

Para a **acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social** deberá presentar **orixinais ou copias auténticas** dos seguintes documentos:

- **Certificacións expedidas polos órganos competentes do estado, da comunidade autónoma de Galicia e co Concello de Vigo, coa forma e cos efectos previstos nos art. 13, 14, 15 e 16 do RXLCAP, acreditativas de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS. impostas nas disposicións vixentes.**

-Alta no IAE, referida ao exercicio actual, ou o derradeiro recibo, completado cunha **declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.**

No caso de contrato adxudicado a unha unión temporal de empresarios, deberá esta acreditar a súa constitución en escritura pública e o CIF asignado dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 16 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas (artigo 151.2. "in fine" do TRLCSP).

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificarase conforme ao previsto no artigo 151.4 do TRLCSP.

CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados sempre que o prezo ofertado sexa inferior en 10 puntos a media das baixas ofertadas.

Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, se lle notificará ó licitador por correo electrónico e se lle concederá audiencia por un prazo máximo de tres días para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo 152.3 TRLCSP.

Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a mesa de contratación deberá propor ó órgano de contratación a aceptación ou o rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Neste último caso, o órgano de contratación excluíraa da clasificación.

13.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa está obrigado a constituír no prazo que sinala o artigo 151.2. do TRLCSP, unha garantía definitiva do 5% do importe do contrato.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 96 TRLCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP ou por medio de garantía global cos requisitos establecidos no artigo 98 TRLCSP.

De non cumprir este requisito por causas imputables ao licitador, entenderase que este retirou a súa oferta procedéndose conforme ao previsto no artigo 151.2. parágrafo final do TRLCSP.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 17 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no art. 100 TRLCSP.

A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto no artigo 102 TRLCSP e 65.2 e 3 RXLCAP.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo na forma e prazo establecido no artigo 156 do TRLCSP.

Ao contrato que se formalice uniranse, coma anexos, un exemplar deste prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas particulares.

Cando o solicite o contratista, poderá elevarse a escritura pública, sendo a súa custa os gastos derivados do seu outorgamento.

O inicio da prestación do servizo contratado será dende ás 00 horas do 01/01/2014. Para o caso de que o contrato non se asine antes do día 01/01/2014 a data de inicio do contrato será a que se fixe no documento de formalización do contrato dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo.

15.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no art. 226 TRLCSP e o cesionario manteña a estrutura de persoal adscrito polo cedente á execución do contrato.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 TRLCSP.

16.- GASTOS.

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación dos anuncios de licitación, adxudicación e, no seu caso, de devolución de garantía, así como calquera tributos, prezos públicos ou prestación de índole análoga que se devengue con motivo do presente contrato.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 18 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

A obriga de pago dos gastos de publicacións non superará os 2.000 euros.

Así mesmo deberá satisfacer todos os impostos, contribucións e taxas que recaian sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

17.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato executarase con subxección ás cláusulas deste e segundo as instrucións que para a súa interpretación ditara ao contratista a Administración.

Mediante contrato público celebrado previamente o concello de Vigo ten adxudicado como corredor de seguros dos contratos de seguros privados coa empresa Borrás-Vázquez Cameselle Artai Correduría de Seguros. S.A.

A retribución deste intermediario efectuarase directamente por parte do asegurador. Se entenderá, en todo caso, incluída no prezo ofertado pola entidade aseguradora.

Para o suposto de que o concello cambie de entidade corredora durante a vixencia deste o contrato, a nova corredora será a beneficiaria da retribución que lle corresponda.

18.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario está obrigado a:

- a) Executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas, co persoal necesario para a execución deste aínda que supere mínimo esixido ou o proposto a maiores e, en todo caso, co mínimo esixido no prego ou proposto a maiores de acordo coas condicións establecidas no presente prego.
- b) Cumprir as disposicións laborais e de Seguridade Social que sexan inherentes á súa condición de empresario do persoal a súa orde que presten servizo.
- c) Responder dos danos e prexuízos que ocasione con motivo da execución do servizo, tanto á Administración Municipal coma a terceiros, e dos gastos orixinados por demora no cumprimento das súas obrigas.
- d) A dotación do material necesario para a prestación do servizo así coma o mantemento e a súa conservación.
- e) O emprego do idioma galego nas actividades e o cumprimento da ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 19 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

f) Acudir as reunións ás que sexa convocado polo Concello de Vigo, e asistir aos servizos administrativos e xurídicos do Concello nas reclamacións que se formulen, incluíndo as comparecencias aos xuízos nas probas que se practiquen en calidade de testemuñas ou de peritos.

g) Non utilizar para si nin proporcionar a terceiros ningún dato ou información relacionada directamente ou indirectamente co traballo realizado, así como publicar total ou parcialmente o seu contido.

h) Cumprir ademais das expresadas, cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do convenio por precepto legal ou regulamentario, ou no presente prego de bases.

i) Cumprir ademais das expresadas, cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do convenio por precepto legal ou regulamentario, ou no presente prego de bases.

19.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario terá dereito a percibir da administración o pago do prezo da póliza de seguro contratada.

20.- INFRACCIÓNS E PENALIDADES.

Co carácter de penalidades contractuais tipifícanse como faltas os seguintes incumprimentos contractuais:

Terán a consideración de **falta MOI GRAVE** os seguintes:

- A paralización ou a non prestación dos traballos contratados e a interrupción deste, calquera que sexa a súa causa.
- A prestación manifestamente irregular dos traballos e o atraso sistematicamente irregular no mesmo.
- O fraude na execución do contrato, non utilizando os medios axeitados ou elementos esenciais esixidos.
- A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou parte do servizo concertado, baixo calquera modalidade ou título sen previa autorización expresa do órgano de contratación.
- A acumulación de dúas faltas graves sobre unha mesma materia ou cuestión dentro de cada ano, se denunciada e sancionada a primeira, se incorrese na segunda.
- O incumprimento das obrigas laborais, da Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes a lexislación laboral.
- A inobservancia parcial ou temporal das obrigas asumidas polo adxudicatario nas presentes bases.





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

- A percepción polo adxudicatario ou polo seu persoal de calquera remuneración ou contraprestación distinta da comisión estipulada no contrato.
- Os incidentes habituais, a incorrección e descortesía do persoal do adxudicatario nas súas relación con esta Administración municipal.
- Utilizar para si ou proporcionar a terceiros datos ou informacións relacionadas directamente ou indirectamente co traballo realizado, así como publicar total ou parcialmente o seu contido.

Terán a consideración de **FALTA GRAVE**, as seguintes:

- O atraso na execución das súas obrigas de forma reiterada e sistemática.
- A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza.
- Todas aquelas que implicando un incumprimento das obrigas non corresponda a cualificación de moi graves e que pola súa natureza non deban estar comprendidas entre as leves.
- O incumprimento da ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Terán a consideración de **faltas LEVES**, as seguintes:

- Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave.

Penalidades:

Polas faltas moi graves procederá o pago de multa de 3000,01 € ata 6000,00 € ou rescindir o contrato, trala audiencia do interesado e tramitación do expediente correspondente.

Pola comisión de faltas graves, procederá o pago de multa de 600,01 € ata 3000,00 € ou apercibimento.

Pola comisión de faltas leves, o pago de multa desde 300,00 € ata 600,00 € ou apercibimento.

21.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

a) O Órgano de Contratación poderá modificar o contrato nos casos que así se establezan no apartado b desta cláusula ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición ós



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 21 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 da TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión -en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

b) Só poderá modificarse o contrato por novas altas, baixas ou cambio de usos dos vehículos na flota do concello. O límite máximo de incremento do custe da poliza polas modificacións non superará o 8,925 % do prezo do contrato.

As modificacións por altas, baixas ou cambio de uso dos vehículos serán aprobadas polo órgano de contratación previo os informes preceptivos.

22.- FORMA DE PAGAMENTO

Para O abono da prima a compañía deberá presentar recibos trimestrais sendo cada recibo o correspondente a $\frac{1}{4}$ parte do prezo anual da poliza, xunto con un certificado de seguro individual para cada vehículo. Na oferta o prezo total corresponderá á suma dos prezos de cada un dos vehículos que figurarán expresamente na mesma.

Por mutuo acordo entre o concello de Vigo e a aseguradora estes recibos trimestrais, poderán substituírse por uno só de carácter anual correspondente o importe anual da póliza.

O pagamento do recibo o efectuarase no prazo que establece o artigo 216.4 do TRLCSP.

Infórmase que o órgano administrativo deste concello de Vigo con competencias en materia de contabilidade pública é o servizo de Contabilidade/Fiscalización do concello de Vigo.

Nas facturas que se emitan con motivo da execución do contrato constaran como órgano de contratación a Xunta de Goberno Local e como destinatario o servizo xestor do expediente que é Parque Móbil do concello de Vigo.

23.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 22 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

Serán causas de resolución do contrato ademais das que resultan das disposicións da Lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediadores de seguros e reaseguros privado e do Código de Comercio, as seguintes:

Son causas de resolución do contrato:

- A morte ou incapacidade sobrevenida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista salvo que se acorde a continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores. Nos casos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de empresa entenderase subrogada nos dereitos e deberes do contratista a entidade resultante ou beneficiaria sempre que conserve a solvencia requirida para a formalización do contrato.
- A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación.
- O mutuo acordo entre o Concello de Vigo e o contratista, sempre que non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista e razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.
- A Demóra no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- A información por parte da aseguradora a terceiros, de datos obxecto do contrato.
- O incumplimento das restantes obrigacións contractuales esenciais.
- A perda dalgún requisito legal para ostentar a condición de entidade aseguradora por sanción administrativa, ou por incurrir nas incompatibilidades.
- O cambio substancial na estrutura que motivou a adjudicación do contrato ou o de calquera dos criterios de selección do presente Pliego de condicións.
- A venda ou transferencia da carteira de seguros a calquera outra aseguradora.
- A infracción das cláusulas contractuales do Pliego.
- En principio, estas causas de resolución contémpanse, para todos os efectos, como incumplimento do contrato por culpa da aseguradora, polo que, si o contrato resólvese ao contratista seralle incautada a garantía definitiva e deberá, ademais indemnizar ó Concello de Vigo dos danos e prexuízos ocasionados.

24. - JURISDICIÓN

23/26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 23 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

O adxudicatario renuncia ao foro propio que puidera corresponderlle someténdose expresamente á xurisdición dos Tribunais da cidade de Vigo.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en No caso de ser persoa xurídica: (En representación da empresa constituída (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)
Declara:

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixido no artigo 54 e 72 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no art. 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que, especialmente, atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade autónoma e concello de Vigo) e de seguridade social que imponen as disposicións vixentes.
3. No caso de que a documentación persoal (sobre A) se presente mediante fotocopia simple declara que a mesma concorda cos seus orixinais.
4. Declara (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
5. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
6. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 24 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION

circunstancias reflectidas no correspondente certificado
non experimentaron variación.

Lugar, data, selo e sinatura



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 25 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACION**

ANEXO II

CONTIDO SOBRE 3 MODELO DE PROPOSICIÓN

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación do contrato de aseguramento da flota municipal do concello de Vigos, opta á adxudicación do contrato nas condicións expostas no Sobre 2 e manifesta:

1.- Que acepta integra e incondicionalmente os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares do contrato.

2.- Que propón como prezo do contrato o de euros o que supón un baixa do % sobre o tipo de licitación. (Tamén incluírá o listado de prezos para cada un dos vehículos sinalados no anexo I do prego de prescricións técnicas)

3.- Que incrementa as porcentaxes de participación en beneficios na porcentaxe do %.

4.- Incrementa o límite de RC de explotación e RC de carga na porcentaxe do %.

5.- Incrementa as sumas aseguradas por falecemento, invalidez permanente e asistencia sanitaria do conductor e ocupantes en relación coas esixidas nas bases técnicas na porcentaxe do %.

6.- Que propón como custos de asistencia prestada a centros médicos non concertados coa aseguradora a cantidade de euros.

7.- Incrementa a cifra de cobertura do transporte de mercadorias na porcentaxe do %.

8.- Incrementa o seguro de accidentes dos Policias Locais (como ocupantes das motocicletas) na porcentaxe do %.

Lugar, data e sinatura do licitador.

Vigo, 06 de agosto de 2013
O xefe da Oficina Administrativa de Contratación.

José Manuel Vieites Alén
26/26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2013 10:04	Páxina 26 de 26
Expediente 7969/445	Código de verificación: 23EE3-33E3D-8CE4B-AAC28	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		